viarum dezae

Camiños de Deza

número 1



Camiño Mozárabe Sanabrés
"A verea dos galegos"

A capela de San Roque
en Puxallos

O baldaquino que o Sisto
compartiu con Puxallos

De Ponferrada a Santiago
Camiño de Inverno

O Camiño Mozárabe Sanabrés

REVISTA viarum dezae
ANO I - Nº1 - Novembro 2021
Depósito legal: DL PO 445-2021

Colaboran neste número:
Francisco Rubia Alejos
Daniel González Alén
Araceli Gomez Pozuelo

Coordinación, deseño e maquetación:
José Luis Rodríguez Jácome

Edita: Asociación cultural Viarum Dezae

VIARUM DEZAE
CAMIÑOS DE DEZA

viarumdezae@gmail.com



O Camiño Sanabrés, a verea dos galegos

O Camiño Sanabrés a Compostela é unha variante da Vía da Prata que comeza na localidade zamorana de Granja de Moreruela. O percorrido deste Camiño vai por Puebla de Sanabria, A Gudiña, Laza ou Verín, Ourense, Cea, Dozón, A Laxe, Silleda, Ponte Ulla e chega a Santiago. Esta vía de peregrinación da continuidade á que ven do sueste da península ibérica (Vía da Prata) dende Mérida onde se concentran as rutas de Andalucía. Estes itinerarios foron empregados polos mozárabes, que eran cristiáns que residían nos territorios conquistados polos musulmáns, para peregrinar a Santiago e por iso fálase tamén do **Camiño mozárabe.**

Pero ademais dos peregrinos, este camiño era empregado como cañada ou paso para o gando, como itinerario de postas para levar o correo e tamén foi o **camiño empregado polos seitureiros galegos para ir a traballar aos campos de Castela.** O Camiño de Castela ou ***"la vereda de los gallegos"*** da nome ao itinerario empregado polos seitureiros galegos ao comezo do verán para ir a traballar a Castela, principalmente na sega e recollida do cereal, e polo que regresaban ao final da tempada, onde á volta ofrendaban as súas fouces no Santuario da Tuiza, xusto antes de afrontar a subida á portilla de A Canda e entrar en Galicia.

Etapa 1: (26 km)
Granja de Moreruela a Tábara



O Camiño Mozárabe Sanabrés....

Unha nova aventura xacobea

"En este lugar se bifurca el Camino Jacobeo para volver a encontrarse a los pies del señor Santiago. Que en la andadura que sigas él te acompañe"

Voltamos de novo ao Camiño de Santiago. Nesta ocasión lanzámonos a percorrer o Camiño Mozárabe Sanabrés, un dos dous Camiños que pasan por Lalín e a Comarca de Deza. O punto de inicio foi a localidade zamorana de **Granja de Moreruela**, lugar de onde arranca o Camiño Mozárabe Sanabrés a partir da Vía da Prata. O percorrido ata Santiago ten 368 quilómetros por Laza ou 376 quilómetros se escollemos a variante de Verín. O noso proxecto está pensado para facer o percorrido en 18 etapas e esperamos facer neste final do ano 2021 e durante o ano 2022.



Os primeiros pasos que demos polo Camiño Sanabrés foron baixo a choiva. Desviámonos un quilómetro para visitar o mosteiro de Granja de Moreruela e certamente mereceu a pena, pois trátase dun lugar impresionante. Continuamos e voltamos ao Camiño. A ruta vai preto de "dehesas" con aciñeiras por unha pista ancha ata que chegamos a Puente de Quintos.

Cruzamos a ponte de nove arcos que data do ano 1920. Esta ponte substituíu a outra medieval anterior asolagada polo embalse que está 300 metros río abaixo e que enlazaba co mosteiro de Granja de Moreruela. O Camiño continúa por un fermoso sendeiro á beira do río Esla por unha paraxe certamente espectacular. A natureza prospera neste lugar cunha exuberante vexetación de ribeira onde as aves se deixan ver sobrevoando o ceo que xa se ía abrindo. Remontamos o val e chegamos a un fermoso lugar onde paramos a tomar o bocadillo e a admirar o horizonte cos meandros do río Esla.

Despois do almorzo continuamos a marcha. A paisaxe era de terra vermella con aciñeiras. O camiño ancho seguía preto de grandes fincas con "dehesas".

A ruta pasou a discorrer por amplos camiños rectos de grava. O vento facíase notar e ás veces dificultaba o noso camiñar, pero por sorte o ceo seguiu abríndose e os raios de sol foron abríndose paso.

Unha recta interminable levounos ata Faramontanos de Tábara. O pobo víase ao lonxe, pero por máis que se andaba parecía que nunca se chegaba. Alí tomamos un refresco e seguimos ata o final da etapa en Tábara. A etapa fíxosenos longa.



O mosteiro de Granja de Moreruela

Parece ser que foi San Froilán, aconsellado polo rei Alfonso III o Magno, quen a comezos do século X fundou un mosteiro chamado de Morerola na ribeira do río Esla, que tivo douscentos monxes nese momento inicial. Baixo a advocación de Santiago Apóstol continuou ou rexurdiu durante a primeira metade do século XI. Cen anos despois, o conde Ponce de Cabrera recibe do emperador Alfonso VII a despoboada vila de Moreruela de Frades co encargo de que sobre dela mande levantar un mosteiro. Dúas décadas despois, este mosteiro incorpórase á regra cisterciense e pasa a estar consagrado a Santa María. Converteuse nunha das dúas abadías máis poderosas da Idade Media en España, alcanzando o seu esplendor no século XIII, con carenta monxes e outros tantos conversos habitándoo nese intre. Os séculos XIV e XV serán de crise. Pero a partir do século XVI recupera o esplendor perdido. O século XIX foi o da decadencia definitiva. Coa invasión francesa e a Desamortización de 1835, cando só quedaban 12 monxes.



A acollida a peregrinos foi unha das funcións principais do mosteiro.

Etapa 2: (22 km)
De Tábara a Santa Marta de Tera

A segunda etapa é un agradable percorrido entre "dehesas" onde destaca unha vexetación de "encinas", "tomillo" e "jaras". A saída de Tábara é por unha pista ancha de grava de cor laranxa pola terra arxilosa. Chegados a un punto hai que escoller entre a alternativa tradicional por Bercianos del Camino ou ben por Villanueva de las Peras. Escollemos esta segunda alternativa e chegamos a esta poboación onde paramos nun bar para hidratarnos e picar algo. Algúns imaxinamos un bocata de calamares e apertamos o paso, pero a imaxinación non se converteu en realidade. Saímos deste lugar a carón da súa igrexa e seguimos as marcas amarelas do Camiño de Santiago entre campos con viñedos. Ao lonxe

comezamos a ver as casas de Santa Croya de Tera. A paisaxe vai cambiando cando nos imos achegando á ribeira do río Tera. Imos adentrándonos polas rúas de Santa Croya de Tera e pasamos por diante da casa do Concello deste lugar. Logo continuamos a carón dun canal pola "Calle del Río" ata que cruzamos por unha longa ponte o caudaloso río Tera. Pouco máis adiante está xa Santa Marta de Tera, lugar onde finalizamos esta segunda etapa e onde comezaremos á terceira, ao pé da igrexa de Santa Marta.

O Mosteiro de Santa Marta de Tera

Do antigo mosteiro só se conserva a igrexa románica. **A igrexa de Santa Marta é un dos templos románicos máis antigos de toda España.** Ten planta de cruz latina e tres portadas. Conta cun importante número de capiteis e canzorros. Nesta igrexa pódese contemplar un **espectáculo lumínico** dúas veces ao ano, nos equinocios de primavera e outono, cando o capitel da alma salvada ilumínase pola luz solar que ven do ocelo do hastial da cabeceira. **Ademais ten a figura en pedra máis antiga coñecida de Santiago Apóstolo coma peregrino datada no ano 1125** e que ten tres dos elementos principais da clásica indumentaria dos peregrinos: bordón, escarcela e cuncha de vieira.



O Scriptorium de Tábara

A localidade zamorana de Tábara foi final da primeira etapa e comezo da segunda. A igrexa de Santa María é o elemento patrimonial de referencia do peregrino en Tábara e o emblema deste municipio. Do conxunto destaca a súa orixinal torre. No seu interior pódese visitar a exposición "Scriptorium, Tábara Visigoda y Mozárabe" na que se amosan os restos arquitectónicos dunha antiga igrexa visigoda e o mosteiro de San Salvador de Tábara, sobre cuios cimentos érguese a igrexa actual. Sen esquecer que alberga o Centro de Interpretación dos Beatos. Unha visita obrigada para os amantes dos códices xa que no Scriptorium de Tábara fixéronse algunhas das copias de maior calidade chegando a estar considerado o escritorio máis importante de toda Europa durante o século X.



Co nome de Beatos desígnase a un conxunto de manuscritos realizados entre os séculos IX e XIII, copia dos Comentarios ao Apocalipsis de San Xoán, escrito polo monxe Beato de Liébana entre os anos 776 e 786.

O maior interese que teñen estes manuscritos medievais son as súas miniaturas ou ilustracións cunha decoración colorista e figurada de extraordinaria beleza. Estas representacións axudan a explicar o sentido profundamente alegórico dos textos sagrados.

Durante o século X coñécese un extraordinario pulo na elaboración destes manuscritos. A proliferación de copias do Comentario ao Apocalipsis ven fomentada pola teoría milenarista, que de novo ten popularidade pola cercanía do ano 1000. Igualmente a fundación de novos mosteiros precisaba dunha dotación inicial de libros litúrxicos e de obrigada lectura.

O contexto histórico.

Froilán, natural de Lugo, optou por unha vida eremítica e de peregrinación alonxado dos centros monásticos existentes, percorrendo os montes e vales entre Galicia e León onde coñece a outro sacerdote do Mosteiro de Sahagún, Atilano (850-916). Xuntos retiráronse para logo acometer a reforma da vida eremítica e monacal nun contexto de evanxelización e erradicación das crenzas paganas. Pola súa fama foron chamados polo Rei Alfonso III o Magno (866-910) e recibiron o encargo de fundar senllos mosteiros en Tábara e en Moreruela. A fundación destes mosteiros foi despois da vitoria de Alfonso III o Magno sobre os musulmáns na batalla de Polvorosa. Nesta época aparece o sepulcro do apóstolo Santiago e comezan as peregrinacións. Almanzor saqueou estas terras a finais do século X arrasando o que atopaba ao seu paso. Nos séculos XI e XII co avance dos reinos cristiáns levantáronse novos mosteiros e igrexas.

La Capilla de San Roque de Puxallos

Respecto al lenguaje formal de su arquitectura la podemos encuadrar dentro del característico arte tradicional popular.

Este artículo es una parte del trabajo “Del renacimiento a la plástica contemporánea. La obra de Villoldo y Asorey en la tierra de Deza”. Fué publicado en el Anuario Descubrindo nº10 en el año 2008.

Don Francisco Rubia Alejos. Escritor e investigador. Autor de multitud de artículos de divulgación cultural y patrimonial en prensa y en revistas científicas especializadas.

Descripción del templo.

Edificio bien orientado, de planta rectangular con cubierta a tres aguas, precedido de un pórtico formado lateralmente por dos muros de cerramiento rectos construídos a seco levantados a media altura en mampostería pizarrosa. Unas simples lajas empotradas en su mitad hacen la función de bancadas corridas, actuando el resto del paramento como respaldo, elementos que confieren a la capilla un cierto carácter de rusticidad.

Sobre los extremos frontales de los muros se asientan sendas columnas. Son desiguales, la de la derecha historiada, posiblemente procedente de un baldaquino de venerable antigüedad. La izquierda de fuste liso. Ambas desprovistas de las clásicas zapatas, que hacen de sostén a la armadura.

El maderamen actual del pórtico y su acabado, no guarda consonancia, contrastando con el conjunto.

Fachada principal.

Puerta centrada flanqueada de dos ventanas cuadrangulares provistas de rejas con barrotes simples de madera que permitían el culto a los viandantes, en especial los peregrinos que hacían el Camino de Santiago, que se cobijaban de las inclemencias atmosféricas, o simplemente a descansar. Actualmente estos vanos tienen contraventanas y suelen permanecer cerrados. Sobre los dinteles de las ventanas el lienzo está enlucido.

Entre otros elementos descriptivos señalaremos:

- El muro testero, en piñón, o según denominación antigua en *untión*, coronado por tapas de piedra berroqueña que sobrepasan el grosor del lienzo, con sencilla cruz cumial de piedra de reducido tamaño.

- Cornisas corridas en los muros laterales en gola, labradas en granito, de perfil en forma de S, comúnmente conocidas en el rural como de *peito de pomba.*

- Un ventano orientado al mediodía.

- Muros maestros enfoscados con cemento gris vista que afean notablemente el templo. Esquinales de cantería.

- Color de la carpintería exterior verde tradicional.

La capilla se halla contigua al campo de la fiesta. A escasa distancia hay un crucero que estuvo asentado en otros tiempos sobre una peña que conserva la impronta. Su interior es austero. Sobre una viga de aire hay una placa de madera con la escritura: **SE REDIFICO, SIEN/O CURA, DN FELI/PE PÉREZ, ESPAÑA / AÑO D. 1857**

D. Felipe Pérez España tomó posesión como párroco de Catasós y Moneixas en 1827 y debió fallecer en 1859 fecha en que deja de aparecer en el Libro de Fábrica.

El retablo renacentista

Se halla emplazado cubriendo la casi totalidad del muro testero de la capilla. Su alzado consta de predela, un solo cuerpo dividido en tres calles y ático.

La **predela o banco** tiene cuatro netos con los frontales rehundidos y tres entrepaños, el central para el sagrario y los laterales decorados con medallones pintados. Los netos que flanquean el sagrario tenían en los paños delanteros decoración en relieve, actualmente perdida a causa de un robo. La caja del sagrario para la Eucaristía debió ser un añadido posterior.

Cuerpo articulado.

Sobre el banco se alza un **cuerpo articulado** por cuatro columnas de orden jónico, con basas que adoptan ser copia del Antiguo. Los fustes presentan el clásico anillo que lo divide a un tercio, con estrías o canaladuras separadas por listeles terminadas por ambos extremos en nichos con arcos de medio punto, ornamentación que se encuadra y es característica del mencionado orden.

Las columnas dejan hornacinas semicirculares en los intercolumnios en tres calles para alojar, en la central, que es algo más espaciosa la imagen de **San Roque**, (82 cm.) santo Patrón del templo, ocupadas las laterales por San Antonio (83 cm.) y Santa Rita (104 cm.), estando decorados los remates superiores de estos espacios con colgaduras y querubines en el arco y con el motivo de concha, de gran aceptación en el Renacimiento, especialmente en la segunda mitad en la que se utilizó profusamente.

El retablo se halla dividido horizontalmente por un entablamento, distribuido en tres paños por cortas pilastras con canaladuras, sobre el que se asienta el ático donde se emplaza la figura de Dios Padre (Padre Eterno), representado en talla de medio bulto con los brazos avanzados y ligero escorzo, rompiendo la rigidez de la frontalidad. Su tamaño se aproxima al natural, el gesto sereno, frente despejada y luengos mostachos, la barba, hendida.

Como atributo mantiene en la mano izquierda el orbe, mientras bendice con la derecha. Sigue los dictados de la estética renacentista, ocupando el lugar en el ático señalado en la traza hecha por Villoldo.

Flanquean a la figura columnas de igual estilo que las restantes.

A ambos lados del ático existen aletones de doble vuelta terminados en cabezas zoomorfas y acróteras en los extremos.

En detalle: Cruceiro, cruz cumial e columna historiada. Segundo apunta Daniel González Alén a columna pode proceder dun baldaquino románico que existiu na igrexa do Sixto.

Tableros laterales del guardapolvo o polsera

Aleros corridos que enmarcan lateralmente el retablo. Con decoración a base de figuras alegóricas y elementos vegetales.

La polsera actual creemos que fue añadida en época bastante posterior a la construcción del retablo, debiéndose admitir su buena integración en el conjunto.

Basamos esta hipótesis en la presencia de las dobles cartelas heráldicas circulares talladas en los tableros del guardapolvo con las armas del linaje Montenegro representadas mediante la "M" gótica de sable coronada de oro, cobijadas bajo las alas de un querubín.

Los Montenegro hicieron su aparición en la comarca de Deza en 1635 habitando la vetusca Casa de Don Freán, año en que se celebró el matrimonio entre D. Alonso Montenegro das Seixas, licenciado en Leyes, venido de Lugo, con D.ª Isabel Oxea, propietaria y heredera universal de todos los bienes de sus ancestros, los Oxea, Señores de la antigua *pousa* de Don Freán desde finales del siglo XVI.

El hecho de que **los Montenegro fueron patronos de Catasós,** justificaría la presencia en el retablo renacentista, llamado retablo viejo de Catasós la incorporación de sus armas, al igual que campean ubicadas en el ático del retablo nuevo que vino a sustituirle.

Como patronos de esta iglesia y su aneja la de San Adrián de Moneixas los Montenegro fueron patrocinadores de sus retablos mayores gozando del privilegio y derecho de colocar el escudo de armas de su linaje, representativo del solar o "la casa más antigua y noble de una familia".

El retablo nuevo se hizo en Louredo, ayuntamiento de Mos, Pontevedra y después lo pintó Gregorio Casal, vecino de Santiago, su coste ascendió a 1500 reales.

...y el antiguo con su rreparo, se paso a la Capilla de Puxallos; y el que havia en esta existe en la Sacristía de Catasós, consta de los libros.

En cuanto a las medidas del retablo son: 336 cm. de ancho por 249,5 de alto, siendo esta última resultado de la adaptación sufrida con la supresión del tambanillo curvo para poder adosar el retablo mayor de la iglesia de Santiago de Catasós al muro testero de la capilla de San Roque.

El tamaño del retablo viejo, en apariencia pequeño para una iglesia parroquial, fue debido a las reducidas dimensiones que tuvo el tempo hasta la segunda mitad del siglo XVIII, en que el aforo se limitaba a treinta personas entre las sentadas y de pie, perteneciendo además de estas plazas diez asientos preferentes a la Casa de Don Freán (Pleito de Gómez de Oxea contra el cura de Catasós, 1617).

Juan de Villoldo

Según el archivero del ayuntamiento de Santiago de Compostela don Pablo Pérez Costanti (1857-1938) en su relevante y trascendental obra de investigación para el estudio del arte renacentista y barroca gallega *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII,* que dio a la estampa en 1930 el Seminario de Santiago, entre los más de seiscientos artistas recogidos fugura Juan de Villoldo, al que dedica unas escuetas líneas biográficas. **"Entallador, de familia de artistas del mismo apellido, que trabajaron en varios pueblos de Castilla en el siglo XVI".**

De las diferentes obras del escultor y entallador Villoldo, registradas desde 1576 a 1589 en su *Diccionario* figura la de fecha 20 de agosto de 1586, de hacer un retablo para la capilla mayor de Santiago de Catasós en Lalín.

...en que a de aver su costodia çerrada en el pedestal y luego arriba una caxa con una ymagen de Nuestra Señora, y a los lados otras dos caxas para otras dos ymáxines, y arriba otra caxa con una ymaxen de Dios Padre que sea de medio bulto, con su fontespiz arriba y con sus serafines, que sean tres entre las molduras y seis pilares y la más obra y moldura.

Antes de continuar hagamos un inciso para exponer unas puntualizaciones relacionadas con la retablística, y así poder ver en su dimensión los cambios que se pueden producir en esta esfera del arte.

El reciclaje de retablos antiguos y en ocasiones piezas de su imaginería pertenecientes a iglesias parroquiales, en beneficio de las capillas inclusas en términos de la misma feligresía o de las casas solariegas, es un hecho constatado documentalmente en la mayoría de los casos.

Los repintes en imágenes y retablos y las reformas en estos últimos debidas a obras en la misma iglesia, o adaptaciones para la ubicación en otros lugares, suelen asimismo estar documentados en los diferentes asientos de los Libros de Fábrica.

Finalmente las trazas o mapas originales en la retablística suelen a veces también sufrir cambios al acometerse la obra, o en el transcurso de la misma. Este hecho es tal vez más conocido en trabajos de arquitectura, por ser mucho más abundante la documentación conservada, pudiéndose constatar en algunos casos que el resultado final difiere de forma sustancial del proyecto base.

En el Archivo Histórico Provincial de Lugo se custodia la traza de uno de los escasos dibujos de retablos que se conservan en Galicia, que fue objeto de detenido **estudio por D. Francisco Javier Novo Sánchez y publicado en Cuadernos de Estudios Gallegos bajo el título *La traza de los antiguos retablos mayores clasicistas de dos iglesias de Lalín: Santiago de Catasós y San Xoan de Vilanoba.*** A su interesante análisis del dibujo incorpora, junto con otros pormenores dignos de notoriedad, el contrato público de la obra ante el escribano de Lugo Juan Sanjurjo. Si los dibujos de retablos de esta época, exceptuando casos puntuales, no se conservan, tampoco los propios retablos, pudiendo asegurar que la mayoría han desaparecido. El presente artículo pretende dar a conocer uno de los escasos retablos clasicistas que se conservanen Galicia que ha permanecido inédito hasta el momento presente, y **que creemos se trata del realizado por el entallador Juan de Villoldo en 1587 para la iglesia parroquial de Santiago de Catasós, conocido por *retablo viejo* que tras sufrir *retoque* fue posteriormente trasladado a la capilla de San Roque, en el lugar de Puxallos** de la misma feligresía, donde actualmente permanece.

Juan de Villoldo. Traza de los retablos mayores de las iglesias parroquiales de Santiago de Catasós y San Xoán de vilanova.

O baldaquino que o Sisto compartiu con Asperelo e Puxallos

Tres pezas que formaban parte dun baldaquino gótico serviron para facer un par de cruceiros e unha capela.

Daniel González Alén. Escritor, investigador e divulgador da historia e do patrimonio de Deza en distintas publicacións impresas e audiovisuais, labor polo que ten sido recoñecido con numerosas distincións, entre elas a "Folla de Carballo de Ouro" do Concello de Lalín.

Artigo cedido polo autor e que foi publicado en La Voz de Galicia o domingo 29 de marzo de 2020.

Fotografía: Interior da Igrexa do Sisto / DGA

Na igrexa do Sisto en Dozón, unha das mais sobranceiras da comarca de Deza que conxuga o románico, co gótico e o barroco, había **un fermoso baldaquino de finais do século XV o primeiros do XVI**, que se desmontou cando se ampliou a igrexa románica a finais do século XVIII, reutilizandose cinco imaxes de pedra policromadas, que con outras desaparecidas formaban parte dun panel representando unha escea bíblica, na construción do muro frontal do presbiterio, enriba do arco triunfal. O baldaquino **tiña alomenos tres columnas de soporte**, que foron sacadas do templo e usadas na construción de senllos cruceiros aquí no Sisto e en Asperelo de Rodeiro, e **unha terceira na construción do soportal da antiga capela do San Roque de Puxallos, na parroquia lalinense de Catasós**.

Poida que o baldaquino do Sisto, tivera unha cuarta columna que non temos localizada, pero non desbotamos que tivera só tres e unha das paredes fixera tamén de apoio, como temos ollado no da igrexa de San Xoán de Portomarín, onde se atopa un dos escasos baldaquinos que se conservan en Galicia, os máis deles desmontados e destruídos cando o barroco impuxo o seu estilo e a Igrexa as novas normas de culto. As tres columnas reutilizadas para cruceiro e soporte do soportal que referimos, **foron feitas en granito dunha soa peza**, e de medidas semellantes en perímetros e lados, aínda que con diferentes tamaños, poida que ao ser recortados para adaptar a cada uso e lugar. Tamén teñen semellante forma cilíndrica e capiteis cadrados finamente esculpidos con figuras humanas e de animais, armas e outros motivos rodeados por ornamentos vexetais. O lique dificulta a contemplación con detalle das escenas que ben merecían un estudo detido que escapa o noso labor divulgativo.

Fotografías: Cruceiros de Asperelo e o Sisto / DGA

Supoñemos que as pezas do baldaquino do Sisto, foron trasladadas en carro, polo camiño real que atravesaba esta parroquia coñecida entón por San Vicenso, cara A Xesta, daquela un dos importantes centros de comunicacións da comarca e pasaba por Puxallos, distante uns cinco quilómetros do lugar de orixe do baldaquino, e a Asperelo ao dobre de distancia, iría a columna por A Lagoa de Dozón, tamén importante encrucillada de onde arrincaba un camiño por Álceme cara a Carboentes. Das tres columnas tiñamos noticia e mesmo fotos dende hai anos, pero deica o pasado verán, cando fixemos unha reportaxe da igrexa do Sisto e seu cruceiro, non caeramos na conta da relación existente entre as tres pezas referidas.

Respecto as figuras do baldaquino que se reutilizaron, so un total de cinco as que se colocaron enriba do arco triunfal do presbiterio cando a ampliación da igrexa no século XVIII , todas elas son policromadas e dispostas unha no centro enriba dunha repisa cun anxo hai unha imaxe pétrea Divino Salvador ao que lle falta a cabeza, e a cada seu lado un par de figuras que deberon deberon formar parte de conxuntos que reflectían escenas bíblicas, moi semellantes as dos baldaquinos de Ventosa (Agolada), pudendo ser da mesma autoría.

Para rematar deixamos sinalado que no Sisto, preto da igrexa, en Ourín de Asperelo e en Carboentes, a pé da estrada que vai a Arnego, atópanse tres cruceiros barrocos con ben labradas imaxes no anverso e reverso que coidamos poden ser da mesma época e autor, merecentes dun traballo de investigación que poida establecer a súa relación que para nós, semella evidente.

Fotogrametría da columna da capela de Puxallos feita por Alex Negreira.

roteiros de Lalín

Vive Lalín

no quilómetro cero de Galicia

natureza, paisaxe, arte e gastronomía

450 KM

VIARUM DEZAE
CAMIÑOS DE DEZA



Camino de Invierno. De Ponferrada a Santiago

Araceli Gómez Pozuelo (Zaragoza). **"Siempre que vengo al Camino ocurren cosas que ni por asomo espero. Y son mágicas. Convierten, normalmente, las etapas en días especiales."**

Eran las cinco de la tarde cuando Ana y yo entramos a la Plaza del Obradoiro cogidas de la mano, mirándonos sonrientes y en el máximo estado de felicidad que puedo recordar.

Etapa 1
Ponferrada-Villavieja. 16 km
Etapa 2
Villavieja-Pte Domingo Flórez. 27 km
Etapa 3
Pte Domingo Flórez-Xagoaza. 23 km
Etapa 4
Xagoaza-A Rúa. 15 km
Etapa 5
A Rua-Quiroga. 28 km
Etapa 6
Quiroga-Salcedo. 23 km
Etapa 7
Salcedo-Monforte de Lemos. 19 km
Etapa 8
Monforte de Lemos-Chantada. 29 km
Etapa 9
Chantada-Vilaseco. 9 km
Etapa 10
Vilaseco-Rodeiro. 22 km
Etapa 11
Rodeiro-Lalin. 23 km
Etapa 12
Lalin-Dornelas. 30 km
Etapa 13
Dornelas-Santiago. 31 km

Et 1.Ponferrada-Villavieja.16km.

De verdad que la intención era buena, pero apareció Santi, el Pecas, y la tarde se lió... Llovía afuera cuando abrí los ojos esta mañana. Pero vengo preparada para ello, física y psicológicamente. Así que no me importó. Esta vez traje un peso extra, el paraguas de mi chico, que le acompañó hace dos semanas justo por estas mismas tierras. Un acierto total. Era una etapa corta. Así que contaba con llegar pronto al albergue y descansar en esta pequeña aldea en el corazón del Bierzo.

Es una etapa preciosa. Una explosión de colores. Amarillos, verdes, marrones y rojos tiñen esta tierra en otoño. Castañas, nueces, almendras, bellotas, madroños, higos, manzanas, peras y membrillos ha sido el manjar de esta etapa. Pero la protagonista fue la famosa uva del Bierzo cuyo jugo ha chorreado por mis manos casi toda la mañana.

Toral de Merayo, Villalibre de la Jurisdicción, Prioranza del Bierzo, Santalla del Bierzo y desde allí la parte más brutal de la etapa. Una subida de aúpa con unas vistas del Bierzo que quitan el "sentío".

El albergue, 5 estrellas. Una impresionante casa de piedra entera para nosotras. Subimos al Castillo y nos sentamos en "el banco más bonito del Bierzo", desde donde pudimos visualizar los Picos de Europa, y el Camino francés, Villafranca del Bierzo.

Luego nos acercamos a Cacabelos, donde para mí se come el mejor de los pulpos y visitamos el Hotel la Moncloa de San Lázaro y el Palacio de Canedo, ambos propiedad de José Prada, cuyos viñedos

producen un rico Mencía.

Y de esta forma es como una etapa corta y tranquila, termina visitando el Bierzo a las 8 de la noche con la mejor de la compañías... No sé cómo agradecer el día de hoy. Soy una tía afortunada. Primera etapa del Camino de invierno. Ponfe-Villavieja. Y hoy, ya me acuesto feliz....

Et 2.Villavieja a Puente de Domingo Flórrez. 27km.

Salimos del Albergue sin café... Se nos olvidó comprar ayer. Así que decidimos desayunar en Borrenes. La salida de Villavieja por el bosque de castaños es preciosa. El suelo está empapado de las lluvias de estos días y es un manto de castañas. Huele a tierra mojada, a níquel y musgo. En nada pasamos bajo el Castillo de Cornatel. Café en el Cornatel Las Médulas, invitadas a entrar y a compartir desayuno. Llenas de cuerpo y alma, emprendemos la bajada hasta el desvío al Mirador de Orellán. Unos cuantos km por carretera de lo más aburrido.Pero aquello dura poco y comienza en seguida el espectáculo.... El paisaje convierte a esta etapa en increíble. La subida se hace bien Las vistas conforme asciendes son brutales.

Con el Bierzo a nuestros pies y Galicia casi asomando. Y al llegar arriba te dan ganas de llorar. Ver las Médulas desde el mirador de Orellan y saber que te has ganado esa maravilla en cada pisada no tiene precio. Cariño.... Tenías razón .... Has de ganártelo y el premio es llegar hasta allí y disfrutar de ese espectáculo. Todavía me estoy preguntando cómo los romanos pudieron montar semejante obra de ingeniería para llevar agua hasta las minas de oro.... Increíble de verdad. Si la subida es alucinante, la bajada es brutal por exigente y por belleza paisajística.

Sellamos en las Médulas pueblo y salimos pitando evitando el turisteo que hay allí. Luego 8 km hasta Puente Domingo Flórez por una pista rodeada de bosques de pinos y olor a serrería y a campamentos de verano, que bordea el valle de Valdebria y nos deja ver al fondo como se juntan el Sil y el Cabrera. He disfrutado tanto esta etapa que no quería que acabara. Nos ha hecho un día precioso y la luz ha sido su protagonista.

Rosa y su familia nos acogen en su casa con mucho cariño. Por algo son peregrinos. Saben lo que necesitamos al llegar a fin de etapa. Gracias. Gracias a todos por esta etapa tan bonita a la que mi hermana Ana y yo hemos bautizado como la **"etapa de los sentidos"**.

Et 3.Puente de Domingo Flórrez a Xagoaza. 23km.

Hoy ha sido la etapa de los ríos y de los puentes... Del Cabrera, que cruzamos nada más empezar a caminar, del Sil que nos acompaña a cada paso y del Galir, que cruzamos en Entoma. Desde Sobradelo hasta nuestro fin de etapa, el diluvio universal. Tres o cuatro horas de agua "a palas". Bendito paraguas el tuyo, Alejandro Dueñas. Cuando llegamos a O Barco seguía diluviando. Pero a pesar de todo el paisaje era espectacular. Ya estamos a orillas del Sil que cruza la localidad. Caminamos por su malecón y tras parar a tomar un té calentito emprendemos la subida a Xagoaza, nuestro fin de etapa por hoy.

Et 4.Xagoaza a A Rúa. 15km.

Salir esta mañana y caminar los primeros cinco km por la Ruta Natural que te lleva hasta la Iglesia y el Monasterio de San Miguel de Xagoaza no tiene precio. Creo que han sido los km más bonitos, hasta ahora, de este camino de invierno. Y mira que ha habido muchos. La ruta que sale desde enfrente del albergue enlaza con el itinerario oficial en Arcos. Desde allí hasta nuestro destino final unos 10 km de paseo fluvial con el imponente río Sil a nuestra izquierda que en Villamartin de Valdeorras se presenta de forma majestuosa encajonado entre montañas salpicadas de aldeas y los colores infinitos del otoño. Desde allí a A Rúa, 5 hermosos km con la vista puesta en el embalse de Santiago o de Valensa do Sil y el impresionante puente que lo cruza.... A la 1 ya estábamos en A Rúa, disfrutando de una Estrella Galicia y del hostal donde descansamos esta noche.

Etapa 5. A Rua-Quiroga. 28 km. Hoy sin duda ha sido la etapa de la bondad. Esta es una etapa larga y sin servicios. Generosidad de la gente. Albaredos, Monte Furado. Ha sido una etapa muy emotiva. La etapa más hermosa caminada.

Etapa 6. Quiroga-Salcedo. 23 km. Hoy nos despedimos del río Sil. Ha sido una agradable compañía durante estas primeras etapas. Y le damos la bienvenida al río Lor que nos acompañará en esta etapa. Desvío directo a Salcedo.

Etapa 7. Salcedo-Monforte de Lemos. 19 km. No os podéis imaginar la helada que hacía esta mañana. Se congelaban hasta los mocos. Etapa corta. Pobra do Brollón, Castro de San Lorenzo, Reigada y Monforte de Lemos.

Etapa 8. Monforte de Lemos-Chantada. 29,8 km. Las dos frases más repetidas en la etapa de hoy “Dios mio, qué bonito” .y “No puede ser, otra cuesta?”. Salimos de Monforte por su puente medieval temprano, a las 8,30. La niebla lo cubría todo. La joya románica de esta etapa. San Paio de Diomondi. Siglo XII. Una auténtica belleza. Luego una bajada de campeonato atravesando un bosque de película hasta el cauce del río Miño. Al llegar abajo, flipas en colores. El cañón del río con el puente que lo atraviesa y los bancales de la Ribeira Sacra que hace horas vimos en Cabo do Mundo desde arriba. La subida me ha matado. Sólo os diré que es muy dura. No sólo por el desnivel, sino porque son casi 6 km en subida. Cuando ya llevas 24 caminados... Reventadas pero orgullosas de haberlo conseguido. Una etapa que perdurará para siempre en mi memoria. Por dura y por espectacular.

Etapa 9. Chantada a Vilaseco 9km. Etapa regalo de este Camino. Nueve km de paseo mañanero con un sol de verano.

Etapa 10. Villaseco a Rodeiro. 22 km. Salimos a las 9. No se veía una torta.... Los primeros km hasta Penasillas prácticamente a tientas. Empieza la subida a Monte de Faro. Cuando nos damos cuenta estamos a 1150 metros y a la izquierda vislumbro el Vía Crucis que lleva a la ermita Nosa Señora do Faro. Era como un pasillo hacia el cielo. Un mar de nubes sobre las cuatro provincias gallegas, puede ser uno de los espectáculos visuales más bonitos de los vividos en todos mis caminos.

Etapa 11. Rodeiro-Lalin. 23 km. La etapa es facilísima. Casi todo en llano acompañadas hasta la mitad por el río Arnego. Pistas de tierra, campos de cereal y algún tramo de bosque. Pasamos Penerbosa, Penela y A Eirexe de Pedroso. Ponte de Pedroso con su puente medieval cumpliendo allí mitad de etapa. Esta ha sido la etapa de los cruceiros y de los hórreos. Sin darnos casi cuenta entramos en Lalín. Preciosa velada entre peregrinos de Lalín hablando de lo sentido en estos días y de próximos proyectos.

Etapa 12 De Lalín a Dornelas 30 km. Sin duda la salida de Lalín gana el premio a la salida más bonita de todo lo caminado hasta ahora. Transcurre por el paseo fluvial junto al río Pontiñas atravesando varios puentes y caminando junto a viejos molinos comidos por el musgo. Mañana llego a Santiago junto a mi hermana Ana. Este ha sido un camino muy muy especial. Porque lo he caminado a su lado. Y como en nuestra vida juntas ha habido muchas risas, complicidad, compañerismo, empatía, coordinación, días un poco más duros y algo de dolor. Pero sobre todo mucho amor. Ese que nos tenemos.

Etapa 13 De Dornelas a Santiago 31 km. Nos despertamos sonriendo. Hoy era el gran día... Nuestro fin de etapa: Santiago de Compostela. La etapa es larga, pero el entusiasmo puede. Tenemos muchas ganas de llegar a esa Plaza. Es una etapa muy bonita. Caminar viendo las torres de la catedral acercarse me produjo tanta emoción que caminé hasta el Obradoiro en un mar de lágrimas...

Sé Senande cede de novo o seu logo para levalo polo Camiño Sanabrés.

Coa súa simpatía habitual, Sé Senande cedeunos o seu deseño que resume graficamente a proposta promocional dos Camiños de Santiago que pasan pola Comarca de Deza. Sé é profesora de debuxo e cartelista de moitos eventos. As súas creacións destilan cor e transmiten vitalidade. O seu logo xa luciu na pasada campaña ao longo do Camiño de Inverno e desta vez dixitalizado e evolucionado, irá connosco polo Camiño Mozárabe Sanabrés. Vai ser o debuxo estandarte das nosas actividades. Estamos ante un deseño minimalista, sinxelo e expresivo, que incorpora as cores do Camiño e a silueta da catedral de Santiago. Aparecen posicionados sobre o mapa de Galicia en forma de círculos a Comarca de Deza e as vilas polas que pasan os Camiños Sanabrés e de Inverno a modo de símbolos topográficos inspirándose na cartografía. Un logo que combina moi ben con multitude de cores e que pode estar en moitos soportes. Esperemos que así sexa. Somos afortunados. A Comarca de Deza ten dous Camiños a Compostela.

O número 1 da revista viarum dezae imprimiuse grazas á axuda outorgada polo Concello de Lalín dentro da convocatoria de subvencións para actividades culturais do ano 2021.

CONCELLO DE LALÍN
Concellería de Cultura e Turismo
www.lalin.gal